



ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA NO XACEMENTO ROMANO DOS ESCOUREDOS (CASTRO DE REI, LUGO)

Jorge Lamas Bértolo / Manuel Lestón Gómez

O xacemento arqueolóxico dos Escouredos localízase ao noroeste da aldea de Ardiz e ao nordés de Coea, ámbalas dúas á parroquia de Coea (San Salvador) no termo municipal de Castro de Rei, provincia de Lugo.

Este xacemento incorporouse ao *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Comunidade Autónoma de Galicia* elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no ano 1998, que figura na actualidade co código GA27010086.

A primeira intervención levada a cabo de forma directa sobre o xacemento foi durante o mes de xullo do ano 2019 con motivo da construción dunha LAT 132 kV promovida pola empresa Naturgy Renovables S.L.U. Esta intervención consistiu na realización de sondaxes manuais para valorar a potencialidade arqueolóxica dun dos apoios da liña eléctrica. Estas sondaxes deron positivo nos seus resultados en canto a materiais e estruturas de época romana, polo que se presentou a necesidade dunha intervención arqueolóxica coa finalidade de acadar dous obxectivos principais: lograr unha mellor caracterización do xacemento xa confirmado nas sondaxes e aportar a información suficiente para definir un trazado alternativo da liña de alta tensión.

Para iso realizouse unha intervención arqueolóxica que consistiu na ampliación das sondaxes, nas que o traballo de escavación manual ocupou unha superficie total de 42 m² xunto cunha prospección xeofísica necesaria para delimitar, na medida do posible, a extensión do xacemento.



Fig. 1. Situación da área escavada.



Figs 2 e 3. Vistas cenital e oblicua da área escavada.

Dado que esta intervención non contemplaba ningún tipo de acción de restauración ou consolidación que permitise deixar á vista as posibles estruturas rexistradas durante a escavación, procedeuse, unha vez feito o rexistro arqueolóxico, ao selado da área escavada con manta téxtil e terra procedente da propia escavación para restituír o estado orixinal do terreo.

Os resultados da intervención amosaron un conxunto de estruturas que, xunto coa estratigrafía resultante, interpretamos como un xacemento romano e que, para unha mellor comprensión, artellamos en dúas lecturas: unha planimétrica e outra estratigráfica.

A análise planimétrica deixou á vista unha serie de estruturas (que agrupamos en estancias) e unidades estratigráficas que pasamos a describir a continuación:

Estancia 1: corresponde á estancia situada ao sur da escavación, na parte central. Pertencen a esta un pequeno muro (UC-1004) duns 55 cm de ancho construído con laxes de xisto e lousa. Ao seu carón ten asociada outra pequena estrutura (UC-1004a) en ángulo duns 50 cm de ancho na que se localizaron os restos dun muíño circular reutilizado. Tamén asomaron os restos dun muro (UC-1005) que separa esta estancia na parte norte coa estancia 3 e ten unha lonxitude de 3,30 m e uns 55 cm de ancho, feito de laxes de xisto e lousa. A estancia queda pechada por outro muro (UC-1006) de case 60 cm de ancho, tamén de laxes de xisto e lousa. No seu interior rebaixouse ata unha cota de 1,6 m que se corresponde coa UE-1014.

Estancia 2: localizada no extremo sur occidental da escavación. É de reducidas dimensións (zona a escavar), polo que non se esgotou o rexistro arqueolóxico. Comparte a UC-1006 coa estancia 1 e pecha polo norte con UC-1007, un muro duns 45 cm de grosor e 1,5 m de longo, con cara interior irregular e asentado sobre recheo, polo que a súa función sería máis de contención ou de subdivisión interna. En planta quedou rebaixada ata UE-1009.

Estancia 3: está configurada polo muro UC-1006 na súa parte máis longa (sección este), de 4 m de lonxitude e 55 cm de ancho. Comparte estrutura (UC-1007) no sector sur coa estancia 2. No seu interior presenta os restos dunha lareira (UC-1023) formada por varios tixolos de distintos tamaños (un deles coa pegada dun cánido) sobre os que se asentan catro pilas de tixolos con dimensións de 30x30x3/5 cm nos que iría unha arcada que conformaría a estrutura. Esta, á súa vez, aséntase sobre un pavimento de *opus signinum* (feito de *tégula* machacada) que se estende por toda a estancia. No ángulo noroeste, que corresponde coa cata de 1x1 m levada a cabo na fase de sondaxes, aparece un nivel (UE-1020) cinsento e con escoura.

Estancia 4: é a de maior tamaño e ocupa os sectores norte e central da escavación. Comparte muro coa estancia 3 (UC-1006), coa estancia 1 (UC-1005) e co muro da estancia 5 (UC-1017), duns 60 cm. de ancho e 3 m. de lonxitude. No seu interior rexístrase, no ángulo suroeste e en contacto con UC-1005 e UC-1006 unha estrutura de muro (UC-1006a) asociada a un peque-

no fogar ou zona de combustión delimitado por unha lousa de granito. No sector nordés rebaixouse unha cata lonxitudinal de 1,5 m de ancho por 2,8 m de longo na que asomaron os restos dun nivel de uso (UC-1022) a base de terra revolta e *tégulas* machacadas, xunto cunha pequena chea de terra cinsenta (UE-1021) e restos de escoura de ferro. No resto da estancia rebaixouse ata a UE-1018.

Estancia 5: está localizada no ángulo sueste da escavación e comparte muro coa estancia 4 (UC-1017) e coa estancia 1 (UC-1004). Presenta os restos dun asento de columna e, debido ás reducidas dimensións da zona, rebaixouse ata a UE-1015.



Fig. 4. Visión de conxunto unha vez rematada a intervención.



Figs 5 e 6. Estruturas rexistradas.



Fig. 7. Lareira rexistrada na estancia 3.

A lectura estratigráfica partiu de cada un dos perfís xerados durante a escavación:

Perfil sur: iniciouse a escavación coa retirada do manto vexetal (UE-1000), de características comúns a todo o xacemento. Esta capa tiña uns 10/20 cm de potencia media.

A continuación asomou a UE-1001, que se corresponde cun recheo froito da preparación do terreo non fai moitos anos debido á regularización dun linde de terra da finca contigua. Este recheo estaba formado por pedras de tamaño pequeno e medio xunto con terra de cor ocre, cun espesor de entre 20 e 30 cm.

Tamén, por debaixo da UE-1001, apareceu a UE-1002, formada por un recheo de pedras e terra de cor parda escura froito dos antigos labores realizados nesta finca. O seu espesor medio sería duns 40 cm e, por debaixo desta capa, aparecen, por un lado, as unidades construtivas UC-1004 e UC-1005 descritas no apartado anterior e, por outro lado, as unidades estratigráficas vencelladas a cada unha das estancias.

Así, rexistramos a UE-1008, que se corresponde cunha derruba interior da estancia 1, composta por terra, pedras (laxes de xisto e lousa) de medio e gran tamaño e *tégulas*, cunha potencia media duns 60 cm.

Por debaixo desta apareceu un pequeno nivel compacto (UE-1012) a base de terra parda clara cun espesor duns 5 cm.

Por debaixo deste asomou a UE-1014, que pertence a un nivel de recheo a base de terra marrón escura, pedras de tamaño pequeno e *tégulas* cunha potencia media duns 30 cm que non se acabou de rebaixar polo reducido espazo e porque un dos muros (UC-1005) está asentado sobre este recheo.

Na estancia 2, por debaixo da UE-1002 asomou a UE-1009, que se corresponde cos restos da derruba interior desta estancia a base de terra, pedras e *tégulas*, cunha potencia duns 35 cm e que non se rebaixou na súa totalidade ao ser un espazo moi reducido.

Por último, cómpre sinalar que por debaixo da UE-1002, na estancia 5, asomou a UE-1010, que se corresponde cos restos da derruba interior desta estancia a base de terra arxilosa (restos de argamasa), laxes e *tégulas*, cunha potencia media duns 35 cm. Por debaixo desta apareceu a UE-1015, que se corresponde con outra derruba máis antiga de terra máis escura, pedras e *tégulas* e que non se rebaixou na súa totalidade ao ser un espazo moi reducido.



Fig. 8. Perfil sur.

Perfil oeste: iniciouse a escavación coa retirada do manto vexetal (UE-1000), de características comúns a todo o xacemento. Esta capa tiña de 10 a 20 cm de potencia media.

A continuación asomou a UE-1001, que se corresponde cun recheo froito da preparación do terreo non fai moitos anos debido á regularización dun linde de terra da finca contigua. Este recheo estaba formado por pedras de tamaño pequeno e medio, xunto con terra de cor ocre cun espesor de entre 20 e 30 cm.

Por debaixo da UE-1001 tamén apareceu a UE-1002, formada por un recheo de pedras e terra de cor parda escura froito das antigas labores realizadas nesta finca. O seu espesor medio sería duns 40 cm. Por debaixo desta capa aparecen, por un lado, as unidades construtivas UC-1004 e UC-1005 descritas no apartado anterior e, por outro lado, as unidades estratigráficas vencelladas a cada unha das estancias.

Na estancia 2, por debaixo da UE-1002, asomou a UE-1009, que se corresponde cos restos da derruba interior desta estancia a base de terra, pedras e *tégulas*, cunha potencia duns 35 cm e que non se rebaixou na súa totalidade ao ser un espazo moi reducido.

Na estancia 3, por debaixo da UE-1002, asomou a UE-1011, que se corresponde coa derruba interior desta estancia a base de terra, laxes e *tégulas*.

Por debaixo desta apareceu o pavimento da estancia UC-1013, que se estende por toda a mesma.

No ángulo norte, froito da sondaxe de 1x1 m da fase anterior, asomou por debaixo da UC-1013 o recheo de nivelación UE-1019, a base de terra parda clara con *tégula*, dun espesor duns 10 cm.

Finalmente asomou por debaixo da anterior un nivel de terra cinsenta escura (UE-1020) con restos de escoura de ferro queimada, cunha potencia de en torno a 20 cm.



Fig. 9. Perfil oeste.

Perfil norte: iniciouse a escavación coa retirada do manto vexetal (UE-1000) de características comúns a todo o xacemento. Esta capa tiña entre 10 e 20 cm de potencia media.

A continuación asomou a UE-1001, que se corresponde cun recheo froito da preparación do terreo non fai moitos anos debido á regularización dun linde de terra da finca contigua. Este recheo estaba formado por pedras de tamaño pequeno e medio xunto con terra de cor ocre, cun espesor de entre 20 e 30 cm.

Por debaixo da UE-1001 tamén apareceu a UE-1002, formada por un recheo de pedras e terra de cor parda escura froito das antigas labores realizadas nesta finca. O seu espesor medio sería duns 30 cm.

Por debaixo desta capa aparecen, por un lado, a unidade construtiva UC-1006 (que pecha a estancia 3) e a UE-1011 (que corresponde co derrubamento interior desta estancia), a base de terra, laxes e *tégulas* e cun espesor medio de 25 cm.

Por outro lado, debaixo da UE-1002, dentro da estancia 4, asoma a UE-1016, que se corresponde cun recheo de terra parda escura, laxes e *tégula* cun espesor medio duns 30 cm.

Por debaixo aparece outro nivel (UE-1018) a base de terra, pedras e *tégulas* que podería pertencer á derruba ou selado dun nivel de ocupación máis antigo xa que, xusto por debaixo, aparecen un nivel de terra cinsenta (UE-1021) e escoura de ferro queimada, posiblemente asociadas a unha zona de combustión máis antiga que o resto de estruturas.

Finalmente, por debaixo da UE-1011 e dentro da estancia 3, aparecen (froito da sondaxe de 1x1 m) os niveis UC-1013, UE-1019 e UE-1020 descritos no perfil anterior.



Fig. 10. Detalle perfil norte.

Perfil este: iniciouse a escavación coa retirada do manto vexetal (UE-1000) de características comúns a todo o xacemento. Esta capa tiña entre 10 e 20 cm de potencia media.

A continuación asomou a UE-1002, formada por un recheo de pedras e terra de cor parda escura froito dos antigos labores realizados nesta finca. O seu espesor sería de entre 30 e 55 cm.

Por debaixo desta capa aparecen por un lado o muro UC-1006, que se corresponde co muro divisorio das estancias 3 e 4, e por outro lado a UE-1016, que corresponde cun recheo de terra parda escura, laxes e *tégula* cun espesor medio duns 30 cm.

Por debaixo desta asoma a estrutura dos muros da estancia 5 (UC-1017) e a UE-1018, a base de terra, pedras e *tégula*, que podería pertencer ao derrubamento ou selado dun nivel de ocupación máis antigo, xa que, xusto por debaixo, aparecen un nivel de terra cinsenta (UE-1021) e escoura de ferro queimada, posiblemente asociadas a unha zona de combustión máis antiga que o resto de estruturas.

Finalmente, hai que indicar a presenza dun nivel de uso (UC-1022) en contacto co anterior e relacionado coa citada zona de combustión.



Fig. 11. Perfil este.

En canto ao conxunto de materiais recuperados nesta escavación, débese sinalar que están formados por fragmentos cerámicos, vítreos, metálicos e líticos. Trátase, polo tanto, dun conxunto ergolóxico abundante caracterizado en gran medida pola súa homoxeneidade e uniformidade tanto a nivel espacial (non se observan diferenzas importantes entre as estancias escavadas) como a nivel estratigráfico (todos os materiais están asociados cos niveis de ocupación romana) e estes, á súa vez, relaciónanse co horizonte de funcionalidade doméstica das estruturas exhumadas.

Comezando pola *terra sigillata*, o conxunto localizado na escavación suma un total de 33 fragmentos que poden estar asociados a uns 19 recipientes distintos. Estamos diante de pezas nas que se observa un importante deterioro tanto en pastas como en engobes que, xunto con un elevado índice de fragmentación, limita en gran medida a determinación formal das pezas. Tamén é preciso indicar que todas as pezas son producións hispánicas.

Das 33 pezas localizáronse 5 nas unidades estratigráficas UE-1008; 1 na UE-1014, 1 na UE-1002, 8 na UE-1011, 10 na UE-1016 e 8 na UE-1018. Estes materiais corresponden con producións baixo imperiais, tal e como nos confirman as datacións de C-14 para este xacemento, aínda que algúns deles teñen un amplo abano cronolóxico que arrancaría no século I d. C. A variedade de formas da *sigillata* hispánica é destacable, aínda que o maior número corresponde a dúas formas ben recoñecibles: as formas *dragendorf* 8 e 27.

No caso da forma 27 hai que indicar que estamos diante de pezas temperás cun amplo abano cronolóxico. Este aspecto parece corroborarse con outros exemplos que non se determinaron formalmente, pero que presentan características morfolóxicas como as do engobe e que apuntan a momentos máis avanzados da produción hispánica. É preciso indicar que as pezas atopadas carecen de decoración. Finalmente, débese sinalar o rexistro de recipientes con formas 8: trátanse de cuncas con formas sinxelas (unha é unha variante 8T) amplamente representadas na ergoloxía galega cun abano cronolóxico moi amplo (dos séculos I ao IV d. C.).



Fig. 12. Fondo de *terra sigillata*.

No que respecta á cerámica común romana atopamos un amplo repertorio maioritariamente de produción local que debeu satisfacer a demanda dos moradores do asentamento. Entre o repertorio de formas tipolóxicas da cerámica común, debemos destacar as seguintes:

Os pratos con engobe: presentan engobe tanto no interior como no exterior, en moitos deles aparecen marcas de queimado en ambas as caras que nos indican que a funcionalidade destes recipientes estaría relacionada coa preparación de alimentos, aínda que, nunha segunda instancia, tamén poderían ser elementos auxiliares de cociña e, incluso, recipientes de mesa. En canto á súa cronoloxía, estas formas abarcarían dende a segunda ata a cuarta centuria. Os pratos presentes neste xacemento caracterízanse por ter labios redondos, corpos oblicuos e apertura de bordo entre os 16 e 20 cm. Corresponden co modelo P1 de pastas grises e ocre, mentres cos que conteñen engobe vermello pertencen ao grupo EP3 da zona de Lugo (Alcorta, 2001). No que respecta ás fontes, identificouse

parte dunha peza con labio engrosado e corpo oblicuo con base plana, con pasta ocre e tratamento superficial a base de alisados. Atopamos paralelismos con este tipo de cerámica na cidade romana de Lugo e na fase de ocupación romana do castro de Viladonga (Barbazán et al., 2018).




Fig. 13. Prato.

Olas: este tipo de cerámica é un dos máis representativos dentro da cerámica común romana localizada na escavación. Trátase de olas caracterizadas por ter un bordo oblicuo ou cóncavo unido a un corpo convexo (case coma un perfil en S) que coinciden co tipo de O1, O2, O7 e O24 das atopadas na cidade de Lugo (Alcor-ta, 2001). As dimensións adoitan oscilar entre os 10 e 30 cm de bordo, teñen pouca decoración e algunhas presentan acanaladuras incisivas que se localizan ou ben separando o colo da barriga ou na parte central desta. Algunhas das olas presenta decoración con reticulados brunidos. Ao igual que no caso anterior, atopamos paralelismos con este tipo de cerámica na cidade romana de Lugo e na fase de ocupación romana do castro de Viladonga (Barbazán et al., 2018) cunha cronoloxía para as O1, O2 e O24 desde o s. I d. C. ata a primeira parte do s. V d. C. Para as O7, todo o s. IV d. C. e a primeira metade do s. V.



Fig. 14. Ola.

Xerras: hai un pequeno conxunto de pezas que poderían identificarse como xerras (só unha apareceu practicamente completa). Caracterízanse por ser de pequenas dimensións, con diámetros de apertura do bordo entre os 6 e 12 cm. Concretamente, o tipo J1 conta con bordo oblicuo pouco desenvolvido acabado nun labio redondeado, con colo cóncavo con asas de sección oval ou plana e decoración a base de reticulados brunidos. Tamén se atopou unha peza de bordo recto seguido dun colo cóncavo con restos de engobe na cara exterior que se podería identificar co modelo EJ1 da cidade de Lugo. A nivel cronolóxico hai unha pervivencia das J1 que vai do s. III d. C. ata a primeira metade do IV d. C. mentres que os tipos EJ1 e EJ2 van do IV d. C. ata o V, polo que poderíamos establecer, de acordo coas datacións que temos para este xacemento, a convivencia de tipos cerámicos que inician a súa produción en épocas anteriores con outros que inician a súa produción en datas máis tardías. Ao igual que no caso anterior, atopamos paralelismos con este tipo de cerámica na cidade romana de Lugo e na fase de ocupación romana do castro de Viladonga (Barbazán et al., 2018).



Fig. 15. Xerra.

Cuncas: identificamos varios fragmentos de cuncas tipo V2, con pezas que conservan o pé e parte da barriga con diámetro central que oscilaría entre os 8 e os 13 cm con decoración a base de *escobillados* horizontais. Ao igual que no caso anterior, atopamos paralelismos con este tipo de cerámica na cidade romana de Lugo e na fase de ocupación romana do castro de Viladonga (Barbazán et al., 2018).



Fig. 16. Cunca.

Outros recipientes: entre outros recipientes cerámicos romanos podemos identificar os restos dunha *dolia*, unha peza de grandes dimensións con labio redondeado, bordo oblicuo e corpo convexo. Tamén se detectan algúns fragmentos de ánforas, mais o pequeno tamaño das mesmas non permite facer unha identificación máis detallada. Finalmente, é preciso indicar a presenza de recipientes de corpo e base de grandes dimensións con pasta de cor ocre e marcas de torno na súa cara interna que poderían corresponder coa tipoloxía de testos TR (Alcorta, 2001).



Fig. 17. Testo.

Todo este repertorio cerámico fai nos pensar que estamos diante dun ámbito doméstico que, complementado con outros elementos exhumados na escavación, como por exemplo a lareira ou fogar de tixolos, as zonas de combustión, etc. fai pensar na explotación de recursos mineiros, xa que tanto en niveis superiores como inferiores apareceu unha gran cantidade de escoura de ferro (tendo en conta a pouca superficie escavada).

Os **metais** atopados son varios ferros entre os que destacan varios cravos e parte dunha ferramenta doméstica sen determinar. Porén, a maior abundancia atopámola na importante dispersión de escouras e tortas de ferro e, pola contra, hai unha total ausencia de bronzes e moedas.

No que respecta aos **vidros**, atopáronse un total de seis fragmentos que corresponden co corpo dunha cunca. Presenta decoración de gravado manual e de estilo xeométrico na que se aprecian catro bandas decorativas separadas por liñas: a inferior e a superior a base de volutas en espiral coa técnica do esmerilado, como bandas intermedias unha inferior de rombos con recheo cuadriculado e outra superior máis complexa, tamén a base de rombos e cadrados pero con liñas exteriores entre os rombos que parecen formar, moi esquematicamente un crismón, que nos podería aportar unha valiosa información sobre a cronoloxía e a mentalidade dos donos da peza ao situala nun contexto paleocristián. O corpo tería forma cilíndrica. Desde o punto de vista tecnolóxico, son pezas sopradas ao aire nas que podemos observar pequenas burbullas froito do soprado. En canto á súa morfoloxía, parece corresponder cun Isings 85b de acordo coa clasificación de Isings (ISINGS, 1959). Presentan unha cor verde pálida transparente (*Pantone* 345-C). Ortiz Palomar

(2001-2002) analiza a cor no vidro romano e chega á conclusión de que a de cor natural (azul verdosa ou verde azulada), moi común no Alto Imperio, tería a súa réplica no vidro de cor verde clara do Baixo Imperio. Desde mediados do s. IV e s. V, as tonalidades verdes e amarelas son as que predominan ata a segunda metade do s. VI, momento no que volven predominar os vidros incoloros.

Tamén destacamos a presenza de sete fragmentos de vidros máis grosos que presentan unha superficie irregular e rugosa. Nalgún apréciase como o bordo tende a ser redondeado, rexistrándose pequenas marcas refundidas que poderían pertencer aos instrumentos de traballo utilizados para o alisado sobre o molde (probablemente de madeira). No s. I d. C., a partir de Tiberio, atopamos xa de forma habitual vidro de ventá na parte occidental do Imperio. Pénsase que os vidros planos alto-imperiais se fabricaron mediante fundido dentro dunha superficie rectangular, probablemente de madeira provista de bordos e os baixo-imperiais mediante unha técnica baseada no soprado de cilindros. O soprado de discos ou croas atopámoslos a partir do s. IV d. C. na parte oriental do Imperio. O vidro de ventá producido no Baixo Imperio é moito máis fino e, en moitos casos, de peor calidade. As cores destes vidros adoitan ser sucias e predominan os translúcidos.

No método de fundido sobre molde procedíase ao estiramento e homoxeneización da masa cara ás beiras da placa, que se conseguía mediante o uso de instrumentos como pinzas ou tesoiras. De feito, os vidros así elaborados conservan nos bordos as marcas desa manipulación. Este método empregouse durante os séculos I e II d. C. e produce un vidro que presenta unha cara exterior lisa e brillante, mentres que a interior é rugosa e mate. Os vidros de ventá feitos a partir do s. III d. C. son máis lisos por ambas as caras e de menor espesor.

En Galicia recuperáronse fragmentos de vidro de ventás en *Lucus Augusti*, no campamento de Cidadela (Sobrado dos Monxes), na *villae de Noville*, en Muxía e en Xinzo de Limia, onde atopamos tres fragmentos de vidro plano de ventá, datables polo seu contexto no s. I d. C. (concretamente na época flavia).



Fig. 18. Vidros.

Finalmente, é preciso facer referencia aos **materiais de construción**, onde atopamos gran cantidade de tixolos e *tégulas*, algunhas con marcas de cocedura a base de dixitacións cun ou varios círculos concéntricos, espirais, pegadas de caprinos e cánidos.

Como valoración arqueolóxica, a escavación deixou ao descuberto unha serie de estruturas da época romana. Os muros comparten unha mesma técnica construtiva, con aparello de fiadas horizontais, tanto de xisto como de lousa, nos que uns se apoian sobre recheo e outros a máis profundidade.

Por un lado atopamos, a nivel estrutural, os restos de varias estancias, concretamente contabilizamos cinco. Por outro lado, no que respecta aos niveis de ocupación, rexistráronse na estancia 3 os restos dun piso de *opus signinum* e, na estancia 1, restos de nivelación a base de terra arxilosa que poderíamos datar como contemporáneos. Na estancia 4 rexístrase outro nivel de uso a base de terra e *tégulas* machacadas a unha cota inferior que os anteriores, polo que pode datarse como máis antigo ou, no caso de ser coetáneo, podería relacionarse cunha estrutura de combustión destinada á transformación do ferro (forno).

A partir dos resultados da prospección xeofísica conséntase a presenza dun conxunto construtivo onde se detectan importantes derrubas e varias estruturas de muros que darían lugar a un asentamento romano identificable cunha *villae rustica* de grandes dimen-

sións ou cun tipo de asentamento máis amplo do tipo *vicus, mansio*... Nos resultados pode apreciarse unha edificación de distribución complexa duns 3.000 m², (que incluso podería ser de maiores dimensións ao non poder definir con claridade algunhas posibles estruturas localizadas en torno a un patio ou espazo aberto). Tamén se detectaron outro tipo de estruturas como gabias, foxos ou canalizacións e, sobre todo, indicios de fornos (abundante escoura tanto en superficie como na escavación) que permiten valorar a existencia dun gran complexo de explotación metalúrxica (na contorna aparecen inventariadas varias explotacións mineiras de época romana).



Fig. 19. Visión de conxunto da área na que se desenvolveu a prospección xeofísica.




Fig. 20. Situación da área escavada dentro da gran edificación rexistrada na prospección xeofísica.

En canto á recuperación e posterior estudo dos materiais arqueolóxicos, é preciso indicar que, en relación coa superficie escavada (40 m²), a porcentaxe de estes é elevada, feito que permite valorar o espazo, cando menos na súa fase final, como doméstico. A variedade de materiais cerámicos, vidros, metálicos e de construción permiten situar cronoloxicamente este espazo arredor dos séculos III e IV d. C., polo que sería coetáneo doutros xacementos próximos como o castro de Viladonga ou a propia cidade de Lugo. Con todo, hai que ter en conta que a zona e os niveis escavados corresponden coa última fase de ocupación, polo que consideramos que nos estratos máis profundos (por debaixo do pavimento da estancia 3 recuperáronse varios fragmentos cerámicos e metálicos) e polo tanto, máis antigos, poderíamos retrotraer a orixe do xacemento polo menos á segunda centuria, na que a principal actividade tería sido a extracción e tratamento metalúrxico do ferro.

Finalmente, é preciso facer referencia aos resultados das datacións radio-carbónicas de dúas mostras que se recolleron en dúas zonas de combustión: unha rexistrada na lareira (UE-2023) sobre o pavimento da estancia 3, que ofrece unha datación de 1680+/- 30 BP (321-422 cal. AD) e outra localizada noutra zona de combustión na estancia 4 por debaixo dunha zona de derruba que poderíamos definir como outra lareira, que presenta uns resultados de 1700+/-30 BP (313- 40 cal. AD). Estas datacións confirmarían as cronoloxías aportadas polo estudo de varios materiais cerámicos "guía" como son os vidros, a *terra sigillata* e varios tipos de olas e xerras da denominada cerámica común, contextualizada noutros xacementos da zona tamén con datacións radio-carbónicas.



Fig. 21. Situación das dúas mostras datadas por C14 dentro da

superficie escavada.




Fig. 22. Datación da mostra procedente da lareira da estancia 3.

Número de laboratorio Beta-576326

Edad radiocarbónica convencional 1700 ± 30 BP

95.4% de probabilidade

(71.9%)	313 - 406 Cal AD	(1637 - 1544 Cal BP)
(23.5%)	254 - 304 Cal AD	(1696 - 1646 Cal BP)

68.2% de probabilidade

(59.8%)	330 - 390 Cal AD	(1620 - 1560 Cal BP)
(8.4%)	264 - 274 Cal AD	(1686 - 1676 Cal BP)




Fig. 23. Datación da mostra da lareira procedente da estancia 4.

En resumo, na área obxecto da intervención arqueolóxica rexistráronse os restos dun asentamento romano de importantes dimensións e complexidade estrutural que, xunto cos materiais recuperados, confirman unha intensa ocupación na época romana (fundamentalmente baixo imperial) que tiña a metalurxia como actividade económica principal. Con esta actuación arqueolóxica séntanse as bases para unha futura investigación que serviría para seguir afondando (e resolvendo) no estudo deste tipo de asentamentos (*villae*), pouco documentados no interior de Galicia.

Bibliografía

Alcorta Irastorza, E., (2001). *Cerámica romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*. A Coruña: Fundación Barrie de la Maza.

Alcorta Irastorza, E., (2005). Anotaciones a las primeras vasijas engobadas tempranas, sobre cerámicas indígenas de *Lucus Augusti*. *Boletín do Museo provincial de Lugo*, Lugo. XII, 1, pp. 15-40.

Alonso Cereza, E., (2010). *El vidrio romano en los museos de Madrid*. Tese de doutoramento pola Universidade Complutense de Madrid.

Arias Vilas, F., (1992). *A romanización de Galicia*. Vigo.

Barbazán, S., Ramil, E. e Lozano, H., (2018). La evolución cronológica del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) a través del estudio de su cerámica común romana. *BSAA Arqueología*, LXXXIV, pp. 168-214.

Bello Diéguez, J.M., (2018). Bajo Imperio y tardorromanidad en el Castro de Elviña (A Coruña). *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*, 37, Madrid, pp. 131-148.

Caamaño Gesto, J. M., (1991). Vidrios Hallados en el Campamento Romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes-A Coruña). *Gallaecia*, 12, pp. 177-190.

Caamaño Gesto, J. M. et alii., (2001). El vidrio de ventana de época romana hallado en Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña). Catálogo de piezas. *Gallaecia*. 20, pp.205-216.

Cean Bermúdez, J.A., (1832). *Sumario de las antigüedades romanas que hay en España*, p.220.

Díaz Díaz, V.M., *Las ánforas en el litoral del noroeste de la Península Ibérica*. Santander.

García Valdeiras, M., (2016). *Sondaxes arqueolóxicas nos solares da r/ San Roque nº 7-9 (Xinzo de Limia, Ourense)*, memoria técnica da actuación arqueolóxica depositada na DXPC.

González García, F.J. e Brañas Abad, R., (1995). *Galicia romana*. A Coruña.

Isings, C., (1957). *Roman Glass from dated finds, Archaeologica Traiectina, II*. Groningen.

Laubenhaime, F., (1990). *Sallèles d'Aude. Un complexe de potiers gallo-romaine: le quartier artisanal. Documents d'Archéologie Française*, 26, París.

Mendes Dias da Cruz, M.R., (2009). *O vidro romano no Noroeste peninsular*. Tese de doutoramento pola Universidade do Minho.

Ortiz Palomar, M. E., (2001-2002a). Definición, Tecnología y Fabricación del Vidrio Antiguo. En: *El Vidrio Romano en España. La Revolución del Vidrio Soplado*, Real Fabrica de Cristales de la Granja, pp. 9-60.

Ortiz Palomar, M. E., (2001-2002b). Vidrio Antiguo y Funcionalidad. En: *El Vidrio Romano en España. La Revolución del Vidrio Soplado*, Real Fabrica de Cristales de la Granja, pp. 63-107.

Pérez Losada, F., (2002). Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia. *Brigantium* nº 13. A Coruña.

Ramos Sáinz, M^a L., (1999). El material de cubrición procedente de las termas nº 2 de Labitolosa (La Puebla de Castro, Huesca). En: *Revista d'Arqueologia de Ponente* nº 9, pp. 263-276.

Roca Roumens, M. e Fernández García, M^a I., (1999). *Terra Sigillata Hispánica*. Universidad de Jaén / Universidad de Málaga.

Rodríguez Resino, Á., (2005). *Do Imperio Romano á Alta Idade Media*. Noia.

Sánchez de Prado, M^a. D., (2009). La vajilla de vidrio durante la antigüedad tardía en el Conventus Carthaginiensis. *BSAA arqueología*, LXXXV, pp. 159-200.

Tranoy, A., (1981). *La Galice romaine*. París.

Vázquez Martínez, M^a. A., (2005). *El vidrio de época romana en la provincia de A Coruña*. Tese de doutoramento pola Universidade de Santiago de Compostela.

Velo Gala, A., (2016) El vidrio romano de ventana en la Bética. En: *Otarq* vol. 1, pp. 223-232.